

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Luis García López

Concelleiros:

D^a. M^a del Carmen Torreiro González

D^a. Aurora Varela Duro

D^a. M^a Pilar Castro Vallo

D. Miguel Sánchez Varela

D. Xosé Luis Fernández Segade

D. Antonio Orois Valiño

D^a. M^a Rosario Vázquez Orois

D. Alfonso Orois Conde

D^a. Cristina Castro Pampin

D. Alfonso Lodeiro Regueiro

D. Javier Rodríguez Vázquez

D^a. Begoña Balado Conde

Secretario:

D. Juan Colmenares López-Soldado

Interventora:

D^a. Olga Castro Fernández

ACTA

En Arzúa, a 31 de outubro de 2013.

Sendo as 20.10 horas, reúnense no Salón de Sesións da Casa do Concello os concelleiros que se relacionan á marxe, integrantes do Pleno deste Concello, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria a sesión ordinaria convocada para este día.

Deseguido, pasouse a tratar sobre os seguintes asuntos que integran a orde do día da sesión:

*Punto 1º) **LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CELEBRADA O DÍA 30 DE AGOSTO DE 2013.-***

Polo presidente preguntouse se algún membro da Corporación tiña que formular algunha observación, con respecto á acta desa sesión.

E non formulándose observacións á mesma, considerouse aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes que asistiron a dita sesión.

*Punto 2º) **ALEGACIONES Á PROPOSTA DE DELIMITACIÓN DO CAMIÑO NORTE, DISEÑADA POLA CONSELLERÍA DE CULTURA.***

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu A Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 25 de outubro de 2013; no seguinte sentido:

“Pola presidenta da Comisión informativa, Sra Varela Duro, informase que -como os tres grupos políticos representados nesta Corporación Local- conviseran en realizar alegacións á proposta de variante do trazado do Camiño Norte prevista pola Consellería de Cultura, encargouse realizar un estudio ao respecto ás persoas que se consideraron cualificadas para iso; e, como resultado dese estudio, elaboráronse tres alegacións, que figuran debidamente fundamentadas.

Enfocándose esas alegacións desde os seguintes puntos de vista:

Primeira alegación.- Se considera que a decisión da Consellería de Cultura de relegar o trazado actual do Camiño Norte, de principal a complementario, se basa nun traballo de investigación que adoece de importantes erros e contradicións, sen aportar probas de peso que xustifiquen semellante modificación.

Segunda alegación.- O trazado actual do Camiño do Norte, ruta de peregrinación da costa, se recolle como tal camiño no Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Arzúa, aprobado por Orde de 6 de outubro de 2008 da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

Terceira alegación.- Non se tivo en conta, á hora de facer esa variante do Camiño do Norte, os millónarios investimentos levados a cabo ao longo do percorrido do trazado actual do Camiño do Norte que discurre polo territorio do noso concello.

Tras o exposto, -por unanimidade dos sete membros integrantes desta Comisión informativa (3 do BNG, 3 do PP e 1 do PSdeG-PSOE)- acordouse propoñer ao Pleno do Concello que, na vindeira sesión plenaria, adopte un acordo suscribindo as tres alegacións que figuran detalladas no estudio agora presentado, dando traslado das mesmas á Consellería de Cultura, para que as teña en consideración.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expoñer:

- Que desde o Partido Socialista queremos deixar claro que imos votar a favor destas alegacións, porque desde o ano noventa e pico o Camiño Norte segue pasando por aquí, aínda que tamén pensamos que non se debería sacar o camiño das outras tres parroquias que son tamén do noso concello.

- Que o que está facendo Patrimonio non ten moito sentido, porque desaparece o trazado de Arzúa, e realizáronse unha serie de investimentos desde o ano noventa e tres, por hosteleiros e demais persoas, que gastaron moitos cartos e que non contaban con que se ía a cambiar o trazado; pero o grave é que Patrimonio quere que desapareza o trazado de Arzúa.

- Que non entende como, desde Patrimonio, fanse varios trazados se o mesmo Camiño Francés está en malísimas condicións e por ese motivo hai un montón de queixas dos peregrinos.

- Que considera que o Camiño Norte non debe deixar de pasar por esas tres parroquias, pero tamén por Arzúa; polo que pide que non se suprima o trazado principal, que ademais está contemplado no Plan Xeral.

- Que non entende como Patrimonio intenta crear conflictividade entre parroquias do mesmo Concello.

* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expoñer:

- Que en principio quere deixar claro que o fundamento das alegacións lle parece consistente, e quere felicitar ás persoas que participaron na súa elaboración.

- Que, no Camiño Norte, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural quere facer unha especie de camiño histórico e principal e outro complementario.

- Que nos non estamos en contra de que o Camiño Norte pase tamén por outro lado; queremos que se manteñan os dous trazados; se se varían as cousas segundo o partido político que estea no goberno, estaremos en malas mans.

- Que supón que ao final tomarase a decisión de que os dous trazados do Camiño Norte teñan o mesmo rango:

1º) Porque é unha cuestión de xustiza, e

2º) Porque se non se fai así iríase en contra do sentido común.

-Que nós imos votar a favor destas alegacións, pero non votamos contra ninguén. Corrérase a voz de que a nós non nos interesa que o Camiño fose por outro lado, que non sexa Arzúa, e resulta que esas tres parroquias son tamén de Arzúa, e se hai un camiño histórico por alí defenderémolo por igual, pero consideramos que o camiño histórico ten que seguir por Arzúa, aínda que haxa outra variante.

- Que non podemos facer que un camiño teña unhas cargas polo Plan Xeral de Ordenación e agora se faga desaparecer ese camiño do mapa; porque o camiño que pasa por Arzúa é un camiño consolidado e o outro hai que apoialo, e que teñan os dous a mesma categoría.

- Que nós imos votar que non haxa discriminación entre os dous trazados.

*Da Sra. Varela Duro (do BNG) para expoñer:

- Que nós imos apoiar estas alegacións, que consideramos que foron feitas desde o punto de vista da racionalidade, e tamén tendo en conta que o camiño actual -que pasa por Arzúa- está consolidado desde hai moitos anos e ten en funcionamento unha serie de infraestruturas e uns investimentos; se fora suprimido suporía un gravame para todas aquelas persoas que con entusiasmo montaron o seu negocio.

- Que non imos a excluír a posibilidade de que as alternativas queden abertas, porque cantas máis alternativas haxa máis se enriquece nosa cultura.

- Que a zona por onde se pretende levar o trazado ten unha riqueza cultural importante, pero temos que ter en conta neste momento que non podemos declinar todo cara un lado, porque non queremos danar a ningún lado; a xente ten que ter a posibilidade de optar e buscar alternativas, e esa posibilidade está tanto no Camiño Francés como no Camiño Norte.

- Que nós imos apoiar as alegacións comentadas na sesión da Comisión informativa que nos parecen fundamentadas e que foron estudadas, razonadas e sopesadas porque están feitas desde a seriedade.

*Do Sr. alcalde para expoñer:

- Que neste tempo adicouse a falar coas persoas que se poden ver afectadas, como os empresarios e hosteleiros de Arzúa, e tamén foron polas tres parroquias afectadas: San Esteban, San Martiño e Oins para interesarse pola opinión dos veciños, e diso sacou unha serie de conclusións: por un lado, hai veciños destas tres parroquias que teñen certo interés en que o trazado do camiño vaia por alí; porén outros son conscientes do problema que lles vén encima; porque moitas veces a xente que saca algo de beneficio son as que montan un negocio, o resto estamos afectados dalgunha

maneira, porque temos que estar pendentes de pedir permiso a Patrimonio para facer algunhas obras e pagar os proxectos aos arquitectos.

- Que algún veciño afectado polo Camiño Francés, que fixo o silo sen pedir permiso, viuse prexudicado porque ten que intentar legalizado ou ten que tiralo, e iso é o que pode suceder tamén nesas tres parroquias.

- Que con respecto aos veciños de Arzúa e a persoas con negocios de hostelería, que viven na zona de influencia do Camiño, quere dicir que se viron afectados tanto á hora de elaborar o Plan Xeral como á hora de pedir os permisos para a realización de obras. E considera que non é xusto que se lles fixera crer que o camiño ía seguir alí, polo cal fixeron unha serie de investimentos, e agora preténdese liquidar dun plumazo o trazado dese tramo do Camiño Norte.

- Que é xusto que se presenten estas alegacións por parte de quen goberna durante catro anos neste concello.

- Que, aínda que ao mellor non é o momento de sacalo, quere dicir que está cansado de queixarse nos organismos competentes do pouco que se está atendendo o Camiño Francés; de feito como o ano pasado tivemos un ano de choiva e algúns sitios do camiño eran intransitables, tivo que ser o Concello quen arranxase esas partes do camiño; incluso está o caso da ponte de Boente, que está derrubada, sen que conseguira un compromiso firme de Patrimonio para o seu arranxo, aínda que agora parece que sí o van facer. Se o Camiño Francés está nesas condicións por falta de fondos, é porque ao Xacobeo reduciuse o orzamento, entón non é moi lóxico que se pretenda crear unha serie de infraestruturas noutros, como no Camiño Portugués, o Camiño da Prata, etc...

- Que se as consideracións históricas do novo trazado son de peso e consistentes a ningún de nós se nos escapa que ese trazado vai ser aprobado, entón teremos que facer por defender o actual trazado por todas as explicacións que acaba de dar.

Tendo en conta todo canto quedou exposto, e coñecidos por todos os integrantes da Corporación Local o contido das alegacións que foron elaboradas,

Polo Sr. alcalde someteuse a votación ordinaria a aprobación das mesmas, nos termos en que figuran redactadas;

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros asistentes- os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar as alegacións que foron elaboradas polo persoal cualificado que designou o alcalde, e que foron informadas en sentido favorable pola Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión que celebrou o día 25 de outubro de 2013, en relación co expediente de delimitación do Camiño de Santiago do Norte, en canto se refire ao tramo que discurriría polo termo municipal de Arzúa.

Segundo.- Dar traslado dunha certificación deste acordo á Sra. Directora Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, da Xunta de Galicia, para que sexan tenidas en conta esas alegacións á hora de resolver o referido expediente.

Punto 3º) EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS.

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 25 de outubro de 2013; no seguinte sentido:

"Intervén a Presidenta da Comisión manifestando que con este expediente trátase de levar a cabo unha modificación do orzamento de gastos, pola cal, sen alterar a contía total do mesmo, impútase o importe total ou parcial dun crédito a outras aplicacións orzamentarias con diferente nivel de vinculación xurídica. A proposta de transferencia de crédito entre aplicacións de distinta área de gastos (GRUPO DE FUNCIÓN), é a seguinte:

<i>APLICACIÓN ORZAM. QUE DIMINÚE GASTO</i>			<i>APLICACIÓN ORZAM. QUE AUMENTA GASTO</i>		
<i>APL. ORZAM.</i>	<i>DENOMINACION</i>	<i>IMPORTE</i>	<i>APL. ORZAM.</i>	<i>DENOMINACION</i>	<i>IMPORTE</i>
240.470.00	<i>Promoción de emprego. Transferencias a empresas</i>	18.000 €	161.221.00	<i>Saneamento, abastecemento. Enerxía eléctrica</i>	10.000 €
			162.214.00	<i>Recollida e eliminación de lixo. Reparación de elementos de transporte</i>	5.000 €
			155.221.03	<i>Vías públicas. Combustibles</i>	3.000 €
			<i>SUBTOTAL</i>		18.000 €
335.227.99	<i>Artes escénicas. Traballos por profesionais</i>	3.960€	920.625.00	<i>Administración Xeral. Mobiliario</i>	3.960 €
			<i>SUBTOTAL</i>		3.960 €
920.220.00	<i>Administración Xeral. Material de oficina</i>	2.000€	156.632.03	<i>Edificios municipais. Outras construcións</i>	2.000€
			<i>SUBTOTAL</i>		2.000 €
TOTAL		23.960 €	TOTAL		23.960 €

Continúa explicando a Presidenta da Comisión que da partida de promoción de emprego na que figuraban 20.000 euros que non se usaron, déixanse 2.000 euros, e o resto, 18.000 euros, repártense nesas outras partidas que observamos que se atopan un

pouco baixas. Respecto da partida de artes escénicas, vanse usar eses 3.960 euros para facer un armario na Secretaría da Alcaldía que ocupe a parede que comparte co despacho do Alcalde. E respecto da última partida de administración xeral, vanse usar 2.000 euros para pintar e barnizar todas as ventás da primeira planta.

Toma a palabra a Sra. Balado Conde (do P.S de G), manifestando que poderíanse destinar os cartos a outras cousas, pero que en principio está de acordo co expediente.

Intervén a Sra. Castro Pampín (do P.P), manifestando estar de acordo tamén co expediente.

E sometido este asunto a votación ordinaria, adoptouse -por unanimidade dos sete concelleiros asistentes-, o acordo de informar favorablemente a aprobación do expediente de modificación de créditos por transferencias de crédito entre distintas áreas de gasto (grupo de función).”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar que, como dixo na sesión da Comisión informativa, está de acordo con que se tramite este expediente de modificación de créditos, aínda que considera que sería mellor destinar os 23.960 euros a outras cousas.

*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar que, como se trata dunha cuestión da que teriamos que falar anteriormente, ímonos abster aínda que na sesión da Comisión informativa votamos a favor.

* Da Sra. Varela Duro (do BNG) para manifestar que está de acordo co ditame da Comisión informativa.

*Do Sr. alcalde para expoñer que se trata de completar a consignación que fai falta necesariamente nunhas partidas orzamentarias, cos cartos que sobran noutras partidas; incluíndo entre as necesidades que se precisa acometer o tema do arranxo das ventás do primeiro andar da Casa do Concello, porque as do baixo están en mellores condicións; son obras que non van a repercutir nos votos, pero que haberá que facer.

Coñecido o informe emitido pola interventora, con data 22 de outubro de 2013.

Polo alcalde someteuse este asunto a votación ordinaria.

Adoptándose –por sete votos a favor (6 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE), coa abstención dos seis concelleiros do PP- os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a proposta de modificación de créditos, por transferencia de crédito entre distintas áreas de gasto (grupos de función), coa finalidade de aumentar a consignación das aplicacións orzamentarias que deseguido se

indican, mediante a diminución da consignación das aplicacións orzamentarias que seguidamente se indican:

<i>APLICACIÓN ORZAM. QUE DIMINÚE GASTO</i>			<i>APLICACIÓN ORZAM. QUE AUMENTA GASTO</i>		
<i>APL. ORZAM.</i>	<i>DENOMINACION</i>	<i>IMPORTE</i>	<i>APL. ORZAM.</i>	<i>DENOMINACION</i>	<i>IMPORTE</i>
240.470.00	<i>Promoción de emprego. Transferencias a empresas</i>	18.000 €	161.221.00	<i>Saneamento, abastecemento. Enerxía eléctrica</i>	10.000 €
			162.214.00	<i>Recollida e eliminación de lixo. Reparación de elementos de transporte</i>	5.000 €
			155.221.03	<i>Vías públicas. Combustibles</i>	3.000 €
			<i>SUBTOTAL</i>		18.000 €
335.227.99	<i>Artes escénicas. Traballos por profesionais</i>	3.960€	920.625.00	<i>Administración Xeral. Mobiliario</i>	3.960 €
			<i>SUBTOTAL</i>		3.960 €
920.220.00	<i>Administración Xeral. Material de oficina</i>	2.000€	156.632.03	<i>Edificios municipais. Outras construcións</i>	2.000€
			<i>SUBTOTAL</i>		2.000 €
TOTAL		23.960 €	TOTAL		23.960 €

Segundo.- Continuar a tramitación do referido expediente, con exposición ao público no Boletín Oficial da Provincia por prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, conforme ao disposto no artigo 179 nº 4 en relación co artigo 169 nº 1 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Terceiro.- Que –no suposto de non presentarse reclamacións contra dito expediente- considerárase definitivamente aprobado, de conformidade co disposto no artigo 169 nº 1 e 3 do citado Real Decreto Legislativo; publicándose no Boletín Oficial da Provincia o resumo do como quedan os Capítulos do Estado de Gastos e de Ingresos do orzamento municipal, por razón da transferencia de créditos agora aprobada, a efectos de que poida entrar en vigor.

Cuarto.- Que, de conformidade co número 4 do artigo 169 do mesmo Real Decreto Legislativo 2/2004, se remita copia do expediente á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

Punto 4º) MODIFICACIÓN DO ARTIGO 6º DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SUBMINISTRO DE AUGA, CONSERVACIÓN DE CONTADORES E ACOMETIDAS.

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 25 de outubro de 2013; no seguinte sentido:

"Toma a palabra a Presidenta da Comisión para informar que a modificación proposta responde a actualización das tarifas de acordo co IPC interanual de setembro de 2013, o que se sitúa no + 0,3 %.

A modificación do cadro de tarifas proposta é a seguinte:

TIPO SUMINISTRO	€/m³
DOMESTICOS	
Por mantemento do servizo	
Mínimo 10 m ³ /mes	0,4613
De 11 a 15 m ³ /mes	0,6457
Más de 15 m ³ /mes	0,8940
INDUSTRIAIS	
Por mantemento do servizo	
Mínimo 50 m ³ /mes	0,5998
Más de 50 m ³ /mes	0,9456
OBRAS	
Por mantemento do servizo	
Mínimo 100 m ³ /mes	0,5998
Por m ³ que exceda do mínimo	1,0611

Toma a palabra a Sra. Balado Conde (do P.S de G), mostrándose de acordo co expediente.

Intervén a Sra. Castro Pampín (do P.P), manifestando estar de acordo tamén co expediente.

E sometido este asunto a votación ordinaria, adoptouse -por unanimidade dos sete concelleiros asistentes- o acordo de informar favorablemente a aprobación do

expediente de modificación do artigo 6 da ordenanza fiscal reguladora da taxa por subministración de auga, conservación de contadores e acometidas.”

Deseguido interviñeron a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE), o Sr. Orois Valiño (do PP) e a Sra. Varela Duro (do BNG), para manifestar que non tiñan nada máis que engadir ao informe emitido pola Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, celebrada o pasado día 25 de outubro, cando se tratou deste asunto.

Tras o exposto o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a modificación do artigo 6º da ordenanza fiscal reguladora da taxa por subministro de auga, conservación de contadores e acometidas.

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros que integran esta Corporación Local- os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación do artigo 6º da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola subministración de auga, conservación de contadores e acometidas, co obxecto de actualizar as tarifas de acordo co Índice de Prezos de Consumo interanual de setembro de 2013, que se sitúa en + 0,3%; cuxo artigo queda redactado en canto aos seu apartado **I) “Cota por subministración de auga” punto 1** e en canto ao seu apartado **II) “outras cotas”**, da seguinte forma:

I) Cota por subministración de auga: *A cota tributaria en concepto de taxa por subministración de auga potable resulta de aplicar á base imponible o prezo por metro cúbico de consumo de auga, segundo segue:*

A. Usos domésticos:

1. Por mantemento do servizo	€/m ³
1.1.- Mínimo de 10 m ³ mes-----	0,4613
1.2.-Desde 11 m ³ a 15 m ³ mes-----	0,6457
1.3.- Máis de 15 m ³ /mes-----	0,8940

B. Usos industriais

1.- Por mantemento do servizo	€/m ³
1.1.- Mínimo de 50 m ³ mes-----	0,5998
1.2.- Por m ³ que exceda do mínimo-----	0,9456

C. Usos para obras.

1.- Por mantemento de servizo	€/m ³
1.1.- Mínimo de 100 m ³ mes-----	0,5998
1.2.- Por m ³ que exceda do mínimo-----	1,0611

II) Outras cotas:

A) Cota de alta no servizo-----	74,11 euros.
B) Cota única por dereitos de acometida a rede xeral de abastecemento---	131,81 euros.
C) Cota mensual por verificación e conservación de contadores-----	0,2270 euros
D) Cota mensual por conservación de acometidas-----	0,2270 euros.

Segundo.- Expoñer ao público o expediente íntegro que dou lugar á adopción deste acordo, no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, durante o prazo de trinta días hábiles; dentro dos cales os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro.- Considerar elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional da modificación da referida Ordenanza, para o suposto de que non se presenten reclamacións durante o período de exposición pública.

Cuarto.- No anterior suposto (de aprobación tácita), publicarase integramente no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, a referida ordenanza fiscal, así como este acordo de aprobación da mesma.

Punto 5º) CONCESIÓN DE BONIFICACIÓN NA COTA DO IMPOSTO MUNICIPAL SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS.

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 25 de outubro de 2013; no seguinte sentido:

"Pola Presidenta explícase que se trata de tres solicitudes de bonificación na cota do ICIO presentadas por:

- Celso Camba Gil, en representación de Ganadería Camba S.C., solicitude de bonificación de data 15 de xullo de 2013, con relación ás obras de ampliación de explotación gandeira.

- Juan Carlos Rivas Fernández, solicitude de bonificación de data 14 de agosto de 2013, con relación ás obras de mellora de explotación gandeira.

Intervén a Sra. Balado Conde (do PS de G) para mostrar o seu acordo coa concesión, nos dous casos, de ditas bonificacións.

Intervén a Sra. Vázquez Orois (do PP) no mesmo sentido, mostrando o seu acordo coa concesión das bonificacións.

E sometido este asunto a votación ordinaria, adoptouse -por unanimidade dos sete concelleiros asistentes- o acordo de informar favorablemente a concesión de todas as bonificacións na cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras que foron solicitadas."

Deseguido interviñeron a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE), o Sr. Orois Valiño (do PP) e a Sra. Varela Duro (do BNG), par manifestar que estaban de acordo coa concesión das bonificacións solicitadas.

Coñecido polos asistentes que o contido dos dous escritos presentados, sobre a solicitude de bonificación, era o seguinte:

1º.- Presentado no Rexistro Xeral do Concello o día 15 de xullo de 2013, sendo rexistrado de entrada ao número 1.675, por don **Celso Camba Gil**, con DNI número 33277811-P, que actua en representación de Gandería Camba S.C., por razón das obras de ampliación dunha explotación gandeira, mediante cubrición de fosa de xurro, no lugar de Loureiros da parroquia de Branzá; para cuxas obras concedérase licenza municipal pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 7 de agosto de 2013, sendo aprobada a liquidación correspondente por importe de 738,05 euros nesa mesma sesión.

2º.- Presentado no Rexistro Xeral do Concello o día 14 de agosto de 2013, sendo rexistrado de entrada ao número 1.911, por don **Juan Carlos Rivas Fernández**, con DNI nº 44831134-V, por razón das obras de mellora dunha explotación gandeira, mediante a construción de fosa de xurro, no lugar de Rial da parroquia de Pantiñobre; para cuxas obras concedeuse licenza municipal pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 22 de outubro de 2013, sendo aprobada a liquidación correspondente por importe de 270,75 nesa mesma sesión.

Constando –nos respectivos expedientes- os informes emitidos pola interventora municipal, con data 10 e 22 de outubro de 2013, respectivamente, de cuxos informes dedúcese:

A) Que o artigo 103 nº 2 letra a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais dispón que *“as ordenanzas fiscais poderán regular unha bonificación na cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras de ata o 95% a favor daquelas construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento de emprego, que xustifiquen tal declaración”*.

B) Que dita ordenanza establece –no seu artigo 7 apartado I) “Bonificacións”, subapartado d)- *unha bonificación do 50% na cota do referido imposto, cando se trate de construcións, instalacións e obras promovidas por agricultores ou gandeiros; suposto no que se encadrarían as actuacións a que se refiren os dous anteriores expedientes* relacionados, para as cales se solicitou a concesión da bonificación.

E considerando, de conformidade co disposto no artigo 7 da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras:

a) Que a declaración de especial interese ou utilidade municipal deberá ser solicitada polo suxeito pasivo, e

b) Que, unha vez informada esa solicitude, corresponderá ao Pleno do Concello decidir –por maioría simple- se concorren as circunstancias para efectuar a declaración de especial interese ou utilidade municipal.

Tras o exposto o Sr. alcalde someteu este asunto a votación ordinaria;

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros asistentes- os seguintes acordos:

Primeiro.- Considerar de especial interese e utilidade municipal as construcións que quedaron detalladas nas dúas solicitudes indicadas na parte expositiva deste acordo, por concorrer circunstancias sociais e de fomento de emprego.

Segundo.- En consecuencia con esta declaración, conceder os beneficios solicitados do 50 por 100 na cota do imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras, que se aplicará sobre as liquidacións que foron practicadas e aprobadas cando se adoptaron os acordos de concesión das licenzas municipais para poder realizar as construcións indicadas.

Terceiro.- Notificar este acordo aos dous solicitantes das bonificacións, practicándolles unha nova liquidación tributaria, co obxecto de recoller as bonificacións agora aprobadas.

Despois de resolver sobre o anterior punto da orde do día, o Sr. alcalde propuxo alterar o orde dos asuntos que faltaban por resolver dentro da parte resolutoria desta sesión, de maneira que o punto 11º “Convenio coa Deputación Provincial para o acondicionamento de vías rurais, saneamento e conservación de edificios municipais”, pasará a ser tratado deseguido como punto 6º da Orde do día, para desta forma tratar despois de maneira continuada as cinco mocións que figuran incluídas nos puntos 6º, 7º, 8º, 9º e 10º), que en consecuencia pasarían a ser designadas cos números 7º, 8º, 9º, 10º e 11º), respectivamente, manifestando o seu acordo con esta alteración os restantes doce membros da Corporación Local.

Punto 6º) CONVENIO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA O ACONDICIONAMENTO DE VÍAS RURALS, SANEAMENTO E CONSERVACIÓN DE EDIFICIOS MUNICIPAIS.

Polo Sr. alcalde infórmase que pola Deputación Provincial aprobáronse uns convenios-tipo de colaboración cos Concellos, para a financiación de obras por un importe de 60.000 euros; e como resulta que o escrito do Presidente da Deputación Provincial, polo cal se solicitaba a documentación que este Concello deberá remitir, para que se poidan iniciar os trámites de aprobación do convenio de colaboración con este Concello, foi recibido o día 25 do presente mes de outubro, despois de celebrarse a sesión da comisión informativa que informou os asuntos que se ían a incluír na orde do día da sesión do Pleno de hoxe, non puido ser sometido este asunto a informe de dita comisión informativa.

Polo que, ante a urxencia de tratar deste asunto nesta sesión plenaria, decidiuse incluílo na súa orde do día, unha vez que puido ser confeccionado o proxecto técnico das obras que poderían ser incluídas nese convenio.

En consecuencia, tendo agora á vista dito proxecto técnico, que foi elaborado polo enxeñeiro de camiños don Julio Rojo Martínez, con data outubro de 2013, coa denominación “Acceso a Pastoriza a Vella desde o camiño de Pantiñobre e outros”, por un orzamento total de 60.000 euros; estaríase na conveniencia de aprobar dito proxecto

e de solicitar á Deputación Provincial a concesión da subvención correspondente para financiación das obras incluídas no mesmo.

Para o cal o Sr. alcalde, facendo uso da previsión contida no artigo 82 nº 3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, propuxo ao Pleno a ratificación da inclusión deste asunto na orde do día desta sesión, unha vez que quedou xustificada a urxencia da súa inclusión, por canto que non puido ser ditaminado anteriormente pola comisión informativa para Asuntos do Pleno, polos motivos que expuxo.

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros asistentes- o acordo de considerar xustificada a urxencia; polo que, en consecuencia, procedeuse a abrir unha rolda de intervencións, antes de someter este asunto a votación.

Realizándose as seguintes intervencións:

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expoñer que non vai votar en contra, aínda que considera que había outras cousas que se podían haber incluído no convenio de colaboración que financiará a Deputación.

* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expoñer que tampouco vai votar en contra, pero o grupo político do Partido Popular vaise abster por razón da pouca información que tiveron sobre este asunto.

* Do Sr. alcalde, para expresar que a razón básica de que non se avisara aos outros grupos políticos, foi porque a comunicación do Presidente da Deputación Provincial recibíuse o mesmo día da celebración das comisións informativas e aínda non estaba rematado o proxecto técnico das obras que se podían incluír en dito convenio e, para non retrasar os permisos que farían falta, había que escapar daquelas obras que estiveran afectadas polo Camiño de Santiago e por Augas de Galicia.

Tras o exposto, e considerando que –conforme ao disposto no artigo 22 nº 2 letra ñ) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local- sería competencia do Pleno do concello a aprobación dos proxectos de obras, cando aínda non estean previstos no orzamento municipal.

O alcalde decidiu someter este asunto a votación ordinaria, fixando previamente os termos desa votación.

Adoptándose –por sete votos a favor (6 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE), coa abstención dos seis concelleiros do Partido Popular- os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar o referido proxecto técnico que foi confeccionado polo enxeñeiro de camiños don Julio Rojo Martínez, con data outubro de 2013, coa denominación de “Acceso a Pastoriza a Vella desde o camiño de Pantiñobre e outros”, por un orzamento total de 60.000 euros.

Segundo.- Solicitar á Deputación Provincial de A Coruña unha subvención, por importe de 60.000 euros, para poder financiar totalmente a execución das obras contidas no proxecto técnico antes citado.

Terceiro.- Declarar que este Concello é titular e ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Cuarto.- Facultar ao Sr. alcalde para que interveña en nome e representación do Concello na sinatura do mencionado convenio, cando sexa requirido para iso.

Punto 7º) MOCION DA VOCEIRA DO PSDEG-PSOE, EN RELACION COS SERVIZOS DE EMERXENCIAS, PARTICULARMENTE OS BOMBEIROS (PRESENTADA NO REXISTRO XERAL DO CONCELLO O DÍA 27 DE SETEMBRO DE 2013, SENDO REXISTRADA DE ENTRADA AO NÚMERO 2.272).

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 25 de outubro de 2013; no seguinte sentido:

“Fai uso da palabra a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expoñer:

-Que foi informada de que antonte chegaron a un acordo os bombeiros de Arzúa coa empresa VEICAR, e parece ser que van a seguir cos mesmos turnos de 24 horas.

- Que tivemos varias reunións cos bombeiros, para apoialos.

- Que no segundo punto da moción, a corporación municipal de Arzúa insta á Xunta de Galicia a crear un servizo de emerxencias público, coordinado pola propia Xunta, como están facendo nas grandes cidades onde os bombeiros están moito mellor coordinados e teñen unhas mellores condicións.

Polo Sr. Orois Valiño (do PP) indícase:

- Que a relación laboral dos bombeiros rexirase por un convenio colectivo e os convenios, unha vez que se asinan, son de obrigado cumprimento; poderíase cambiar por acordo das partes, pero se unha parte non quere facelo, non.

- Que ao tratarse dun servizo público prestado por unha entidade privada, o que podemos facer é dar algún consello e pouco máis.

- Que non podemos meternos no funcionamento interno do parque de bombeiros, sí en que se preste un bo servizo.

- Que o grupo político do Partido Popular pronunciarase na sesión do Pleno, porque ata entón espera ter unha información máis completa.

Intervén a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para manifestar:

- Que considera que, como consecuencia dos acordos acadados polos bombeiros coa empresa, habrá que suprimir o primeiro punto da moción.

- *Que, como ten previsto falar nestes días cos bombeiros, trasladará tamén ao grupo político do Partido Popular a problemática que lle plantexen os bombeiros nesa conversa.*

Por último intervén a presidenta desta Comisión informativa, Sra. Varela Duro (do BNG) para expresar:

- *Que os bombeiros están sufrindo unha redución económica, como noutros ámbitos.*

- *Que na moción se indica que a empresa cambiou as gardas de 24 horas, por quedas de 6 e 8 horas de distribución irracional, o cal reduce a capacidade de traballo en equipo e perxudica a conciliación familiar. E preguntase en que medida afecta ese cambio á conciliación da vida familiar.*

Dado que habería que ter máis claras algunhas das cuestións que se formulan na moción, a presidenta propón que sexa o Pleno do Concello quen se pronuncie sobre a subscripción dos acordos que contén esta moción, por canto que –segundo indicou a Sra. Balado Conde- vaisenos facilitar máis información antes da sesión que celebrará o Pleno o vindeiro xoves.

Mostrando os restantes membros desta Comisión a súa conformidade con esta proposta da Sra. Varela Duro.”

Seguidamente entreviui a Sra. Balado Conde (doPSdeG-PSOE) para expoñer:

-*Que debido a que os bombeiros chegaron a un acordo a semana pasada coa empresa VEICAR, decidimos presentar outra moción un pouco distinta á prevista neste punto da orde do día; para que sexa debatida e votada agora, en substitución da anterior, previa a súa declaración de urxencia.*

- *Que a nova moción presentaa así, de urxencia, porque desde que presentou a anterior -no mes de setembro- os parques de bombeiros da provincia chegaron a un acordo polo tema dos turnos de 24 horas.*

- *Que a partir dese acordo decidimos presentar outra moción un pouco distinta, para que os parques de bombeiros –incluído o de Arzúa- pasen a xestión pública, para que dependan de organismos públicos directamente.*

- *Que agora os bombeiros non están coordinados co 061, o cal é grave non só para eles senón tamén para a cidadanía.*

- *Que o outro punto da moción é o tema da xubilación aos 67 anos, tendo en conta que a profesión de bombeiro é moi arriscada, e que unha persoa con esa idade non está capacitada para estar nun incendio de alto risco.*

- *Que isos son os puntos que se cambiaron na moción, porque en canto aos outros xa se chegou a un acordo coa empresa VEICAR a semana pasada.*

E sometendo o Sr. alcalde a votación ordinaria a pretensión da Sra. Balado Conde de substituír a moción prevista neste punto da orde do día, pola que acaba de explicar, por razón dos motivos expostos por dita concelleira.

Adoptouse –por unanimidade dos trece membros asistentes- o acordo de estimar a petición da Sra. Balado Conde, de tratar agora a nova moción interesada, que

modifica substancialmente as propostas de acordo da anterior, por considerar que quedou suficientemente xustificada a súa urxencia.

Pasando seguidamente a Sra. Balado Conde a ler o texto da nova moción, cuxo contido é o seguinte:

·"En maio de 2007 entraba en vigor a Lei 5/2007 de Emerxencias de Galicia. Pretendíase con esta lei atender as emerxencias de diverso tipo e gravidade que viñan acontecendo no noso país dende hai varias décadas como naufraxios, embarcamentos nas nosas costas, inundacións, movementos sísmicos, incendios forestais constantes, etc.

A estas emerxencias temos que engadir o conxunto de riscos cotiáns que afectan á vida de persoas, animais, ao ambiente, así como aos bens da cidadanía galega. Ambas as dúas modalidades de riscos e emerxencias requerían o establecemento dun marco legal propio que articulara un sistema integrado para a súa xestión.

Os Socialistas entendemos que os Servizos de Emerxencias, particularmente os Bombeiros, teñen que ser xestionados de forma directa e teñen que abranguer todo o territorio galego. Mais a situación en Galicia é ben diferente: salvo nas grandes cidades os Bombeiros dependen de empresas privadas, sen garantir de xeito efectivo que o conxunto da cidadanía galega dispoña dun servizo de calidade, senón máis ben de precario.

Neste momento estase levando a cabo dende o 28 de agosto unha folga a nivel autonómico que se convoca por todos os representantes dos parques de xestión indirecta (menos o de Valdeorras), reunidos na Mesa intersindical de Bombeiros de Galicia. Mencionamos tamén que dende esta Mesa de carácter autonómico instouse as concesionarias dos servizos a comezos de febreiro do ano pasado a través do Consello Galego de Relacións Laborais, a creación dun convenio autonómico. Dito proceso sería revisado, amparado e arbitrado pola administración competente na materia. Tras a negativa das empresas a negociar un convenio marco (07-06-2013) que estandarizaría a profesión realízanse uns sondeos nas plantillas dos distintos centros de traballo que entenden necesaria e correcta.

O obxectivo da folga é o seguinte:

-Dar cumprimento ao recollido na disposición adicional terceira da Lei 5/2007 de Emerxencias de Galicia, concretamente no referente a homoxeneización das condicións de traballo dos profesionais do sector, dedicados ao servizo público de extinción de incendios e salvamento de xestión privada. A existencia de diferenzas laborais e profesionais xenera agravios comparativos que non existirían de cumprirse a Lei de Emerxencias.

- Garantizar a estabilidade laboral dentro do sector, porque a situación actual imposibilita a continuidade dos traballadores/as ata a idade de xubilación (67 anos), dado que quedan exentos do R.D. 383/2008 e non existe unha segunda actividade que os exonere de actuar en primeira liña de lume ao alcanzar unha idade avanzada, sendo

o despido e a reposición de persoal novo a formula máis viable e sinxela para as concesionarias de manter a efectividade do servizo.

- Mellorar a coordinación (comunicacións, protocolos e demais) dos diferentes equipos de emerxencias (112, bombeiros, 061, 085, etc), dun modo máis efectivo para a intervención dos diferentes colectivos, independentemente do seu organigrama tipoloxía ou xestión.

Esta situación provoca exemplos como os que veñen de sufrir os bombeiros da nosa comarca (Arzúa e Terras de Melide) Arteixo, Betanzos, Boiro, Carballo, Ordes e Ribeira; que baixo a interpretación da Reforma Laboral en vigor dende o 7 de xuño de 2013 da concesionaria Veicar, leva a plantilla ao Estatuto de Traballadores incapaz de rexir as condicións laborais específicas destes servizos comarcais. Ante a situación de Veicar avocada a unha sentenza no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a concesionaria acada a última hora un acordo co Comité de Empresa, instaurando de novo o Convenio antigo (que ela mesma denunciara) cunhas certas modificacións evitando deste xeito a sentenza do Tribunal.

Esta situación pode repetirse en calquera momento nos distintos servizos da comunidade autónoma (23 parques de xestión indirecta) que xestionan de formas moi distintas tres Concesionarias.

Por todo isto, o grupo municipal do Partido Socialista somete a consideración do Pleno do Concello a seguinte proposta de acordos:

1.- A Corporación Municipal de Arzúa, solidarízase cos bombeiros que prestan servizo nos diferentes Consorcios contra incendios e salvamento, baixo a modalidade de xestión indirecta.

2.- A Corporación Municipal de Arzúa, insta á Xunta de Galicia a crear un servizo de emerxencias público, coordinado pola propia Xunta, e que abranga a totalidade do territorio galego.”

Deseguido emitíronse as seguintes opinións:

* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar:

- Que unha cousa é o que consta por escrito na moción lida e outra cousa é o que dixo aparte a Sra. Balado Conde, e entón un non sabe a que aterse, se a unha cousa ou a outra.

- Que se se fala da xubilación dos bombeiros aos 67 anos, quere dicir que tamén hai outras profesións (como gandeiros, labregos, xente que se adica ao xornal...) que teñen máis complicacións ou riscos do día a día –salvo en casos puntuais- que os bombeiros; polo tanto deberíamos solidarizarnos con todos.

- Que respecto ao acordo primeiro que se propón na moción, que consiste en “*solidarizarse cos bombeiros que prestan servizo nos diferentes Consorcios contra incendios e salvamento, baixo a modalidade de xestión indirecta*”, ve este punto como unha crítica, porque se quere que dependa o servizo da Xunta de Galicia e, cando se tratou este asunto no debate parlamentario, o propio voceiro do BNG dixo naquel momento que era unha forma de xestión.

- Que, en canto a cuestións laborais, nós podemos solidarizarnos cos bombeiros en moitas cousas, pero o de que a xestión levea directa ou indirectamente a Xunta de Galicia é unha cuestión opinable, como dixo o propio voceiro do BNG no Parlamento de Galicia.

- Que se imos á Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, os Concellos de mais de 20.000 habitantes poden crear un servizo municipal de protección civil e emerxencias e un servizo de extinción de incendios; polo tanto hay competencias diversas.

-Que esta moción non a entendemos ben, no sentido de que os puntos que se debaten son claros, pero parecen ambiguos, polo que considera que debería puntualizarse máis, porque respecto ao primeiro punto da moción dixe “*solidarízase cos bombeiros que prestan servizo nos diferentes Consorcios contra incendios e salvamento, baixo a modalidade de xestión indirecta*”, pero non se pide nada; logo fálase de *crear un servizo de emerxencia público coordinado pola Xunta*, e resulta que xa existen os órganos de coordinación, xuntas locais, provinciais etc..., polo que considera que debería puntualizarse máis.

*Da Sra. Varela Duro (do BNG) para expresar:

- Que nos imos a apoiar esta moción centrándonos, por unha parte, na defensa da estabilidade laboral pero, por outra parte, polo ben de todos para garantir unha boa coordinación do servizo de bombeiros cos diferentes servizos de emerxencia, o cal vai repercutir en que a cidadanía poida ser atendida con maior eficacia; e apoiamos tamén instar á Xunta de Galicia para crear un servizo de emerxencias público.

- Que, en consecuencia, nós apoiamos a moción nestes puntos, sen entrar en máis detalles.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria as dúas propostas do acordo que contén esta moción.

Adoptándose –por sete votos a favor (6 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE), coa abstención dos seis concelleiros do Partido Popular- os seguintes acordos:

Primeiro.- Solidarízase cos bombeiros que prestan servizo nos diferentes Consorcios contra incendios e salvamento, baixo a modalidade de xestión indirecta.

Segundo.- Instar á Xunta de Galicia a crear un servizo de emerxencias público, coordinado pola propia Xunta, e que abranca a totalidade do territorio galego.

Punto 8º) MOCION DO GRUPO POLÍTICO DO PARTIDO POPULAR, PARA REXEITAR E CONDENAR TODO TIPO DE ACTOS DE TERRORISMO E ENTRE ELES OS LEVADOS A CABO POLA ORGANIZACIÓN TERRORISTA RESISTENCIA GALEGA, E REALIZAR OUTROS PRONUNCIAMENTOS (PRESENTADA NO REXISTRO XERAL DO CONCELLO O DÍA 10 DE OUTUBRO DE 2013, SENDO REXISTRADA DE ENTRADA AO NÚMERO 2.364).

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 25 de outubro de 2013; no seguinte sentido:

“-Intervén o Sr. Orois Valiño (do PP) para indicar:

- Que esta é unha moción generalizada do PP para todos os Concellos.

-Que condenamos calquera tipo de violencia, como tamén a violencia de xénero, tanto física como psíquica, porque non se pode xustificar ningún acto de violencia.

Manifesta a Sra. Balado Conde (PSdeG-PSOE) que quere condenar tamén calquera acto de terrorismo e todos os actos de violencia, e indica que para ela outro acto de violencia e o copago dos medicamentos.

Indica a Sra. Castro Vallo (do BNG) que o maior acto de violencia neste país é a violencia de xénero, porque ao final de ano a violencia de xénero deixa moitas vítimas, e porén pensa que non se condena o suficiente.

Manifesta a Sra. Varela Duro (do BNG) que o seu partido quere condenar todo acto de terrorismo en xeral.

Tras o exposto, adoptouse –por unanimidade dos sete membros asistentes (3 do BNG, 3 do PP e 1 do PSdeG-PSOE)- o acordo de que se inclúa esta moción na orde do día da vindeira sesión plenaria, para que sexa debatida e votada no acto da sesión.”

Seguidamente a concelleira do grupo político do Partido Popular, Sra. Castro Pampín pasou a dar lectura desta moción; sendo o seu contido o seguinte:

“A partir do ano 2006 Galicia está padecendo violentos actos de terrorismo cuxa autoría, a banda Resistencia Galega, ten reivindicado en varios casos. Entre eles están múltiples atentados consistentes na colocación e detonación de diversos artefactos explosivos e incendiarios en sedes de partidos políticos, organizacións sindicais ou empresariais, entidades financeiras, empresas, administracións públicas, etc; así como nas vivendas de persoas relacionados co ámbito xudicial, universitario ou político.

A mediados do mes de setembro deste ano 2013 a Audiencia Nacional condenou a catro integrantes de Resistencia Galega, por diferentes delitos de terrorismo, como son a tenencia de explosivos con fins terroristas, a participación en organización terrorista ou a falsificación de documentos oficiais con fins terroristas.

Segundo a sentenza, a Policía Nacional interceptou a estes terroristas con artefactos que contaban con sistemas temporizados de ignición “en perfectas condicións para lograr a súa explosión”, coa que terían provocado desperfectos materiais e “posto en perigo a vida e integridade das persoas”. Así mesmo, a Audiencia Nacional cualificou a Resistencia Galega como unha “organización terrorista” que “ten por finalidade subvertir a orde constitucional” e que “xustifica o

emprego de violencia contra as persoas e os bens como único medio de lograr os seus propósitos”

Os partidos democráticos defendemos a dignidade do ser humano e os dereitos e liberdades que lle son inherentes, especialmente o dereito á vida e á integridade física e moral e propugnamos a democracia e o Estado de Dereito como base dunha convivencia en pluralismo, liberdade e igualdade. En consecuencia, opoñémonos e condenamos o uso da violencia para defender calquera tipo de posicionamento ou postulado político ou ideolóxico e tamén rexeitamos calquera tipo de declaración ou acción que lexitime ou xustifique o terrorismo.

Calquera tipo de violencia, e por suposto a terrorista, non ten cabida nunha democracia. Todos os cidadáns e, especialmente, os representantes públicos debemos estar unidos na súa condena e en ningún caso disculpando ou minimizando feitos que poden atentarse contra a vida e a integridade das persoas.

Por todo o anterior, o grupo municipal do Partido Popular no concello de Arzúa eleva ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1.- Manifestamos o noso rexeitamento e condena a todo tipo de actos de terrorismo e entre eles os levados a cabo pola organización terrorista Resistencia Galega.

2.- Solidarizámonos coas vítimas dos atentados terroristas e apoiamos ás Forzas e Corpos de Seguridade na súa tarefa de posta a disposición da Xustiza dos responsables destes actos.

3.- Rexeitamos calquera tipo de acción ou declaración que xustifique, ampare ou minusvalore a violencia terrorista, especialmente se proceden de representantes públicos.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Pola Sra. Balado Conde (do PSdeG- PSOE) para expresar:

- Que desde o Partido Socialista denunciemos calquera tipo de terrorismo, tanto sexa de extrema dereita como da esquerda, como de quen sexa.

- Que todos debemos respetar as creencias políticas e relixiosas.

- Que tamén podemos observar que nas encuestas de hai sete ou oito anos o que subscitaba alarma social era o terrorismo, agora é o paro, a crise...

* Polo Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar:

- Que estamos de acordo en casi todo coa concelleira do Partido Socialista, porque o que debe prevalecer ante todo é a palabra e respetar as ideas da xente, tanto as ideas relixiosas como as políticas e as tendencias sexuais; pero cando falamos de terrorismo non se poden consentir certas actuacións.

- Que fálase de que foron interceptadas persoas levando explosivos con temporizador, entón o risco está ahí e a bomba vai explotar cando estea programada, eso é un acto terrorista, e nós condenamos este tipo de terrorismo expresamente.

- Que pedimos á xente que forma parte desas ideas descabelladas, que queren impoñer pola forza a súa ideoloxía, que pensen e retornen a senda democrática.

- Que a moción é clarísima, condenamos a Resistencia Galega e todo acto que sexa en contra da xente e as súas ideas buscando calquera tipo de finalidade; pero tamén debemos criticar aos políticos actuais que lle quitan importancia a estas actitudes, porque non son menudencias.

- Que na moción xa se di que condenamos todo tipo de violencia.

*Da Sra Varela Duro (do BNG) para expresar:

-Que quere deixar claro que o BNG rexeitou sempre calquera tipo de violencia, proceda de onde proceda; nós queremos unha sociedade máis pacífica, máis digna, máis democrática, etc...

- Que queremos propoñer que non se concrete a moción en Resistencia Galega; e propoñemos a seguinte emenda a esta moción: *“O concello de Arzúa expresa o seu rexeitamento do terrorismo e de calquera forma de violencia para conseguir obxectivos políticos. Esta condena faise extensiva tanto a aqueles que dan apoio ao terrorismo como aos que pretenden sacar réditos políticos do mesmo mediante a creación dunha alarma social innecesaria e a criminalización de movementos políticos e sociais democráticos.”*

- Que supeditamos a aprobación desta moción á introducción da anterior emenda.

*Da Sra. Balado Conde (do PS deG-PSOE) para manifestar:

- Que agora por suerte non temos unha alarma social polo terrorismo, como hai uns anos.

- Que ela votará en contra do terrorismo, veña de onde veña.

* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para manifestar:

- Que nós, no primeiro punto da moción, manifestamos nosa condena a todo tipo de actos de terrorismo, entre eles os levados a cabo pola organización terrorista Resistencia Galega.

- Que na nosa moción condenamos todos os actos de terrorismo, pero mencionamos a Resistencia Galega porque é o caso máis cercano; por mencionar a esta organización non se está eludindo a calquera grupo terrorista, polo tanto a moción é clara e concisa, e imos mantela.

- Que calquera partido que sexa democrático condena o terrorismo, e está convencido de que a Sra. Varela Duro –como voceira do grupo político do BNG- pensa o mesmo que nós, pero con distintas palabras.

* Da Sra. Varela Duro (do BNG) para manifestar que pensaba que o grupo político do Partido Popular ía a apoiar a emenda que presentou, e vai ler un argumentario que fai o Bloque Nacionalista Galego sopesando esta moción:

“O Bloque Nacionalista Galego rexeita a violencia como medio de actuación política e acredita, nas solucións políticas e nas vías pacíficas, como os únicos procedementos lexítimos de intervención na procura dunha sociedade máis xusta, máis libre, máis democrática e respectuosa co dereito de todas as persoas e de todos os pobos a viviren unha vida digna e autónoma.

Historicamente o PP utilizou o terrorismo como coartada para tapar os problemas e conflitos sociais e políticos. Faino tamén agora, máis unha vez, para ocultar a situación dramática que está a padecer o pobo galego. Tamén, singularmente, para demonizar as persoas e organizacións que, desde posicións inequivocamente democráticas, defendemos o dereito do pobo galego á autodeterminación nacional, á soberanía política. Nestes momentos, continuando coa súa estratexia de criminalización do BNG, o PP está a rexistrar mocións de rexeitamento dun terrorismo que non existe na Galiza nun momento en que non se rematou un xuízo a respecto do que existen moitas dúbidas e incertezas.

Consideramos, por iso, necesario fixar claramente a posición do BNG a este respecto, con base nos seguintes catro puntos.

*1. É máis que coñecida a posición contraria do BNG, como organización democrática e pacifista, a calquera tipo de acto ou estratexia política de carácter violento. **O BNG sempre condenou, e continuará a condenar, o uso da violencia para conseguir calquera tipo de aspiración política e social.***

*2. **Mais hoxe na Galiza non existe terrorismo, nin a sociedade galega manifesta ningún tipo de percepción nin preocupación nese sentido.** Se preguntarmos na rúa a cen persoas, de forma aleatoria, cales son os problemas que lles preocupan no seu día a día, estamos seguros de que sairán cuestións como o desemprego, a vivenda, o medre da pobreza, a falta de perspectivas vitais da mocidade, a corrupción, a estafa bancaria, ..., mais non o terrorismo. Sinxelamente porque non existe como tal. Xa que logo, non ten sentido pedir que se condene o que non existe. Nese sentido, resulta esperpéntica a referencia que se fai na moción do Partido Popular a unhas vítimas inexistentes, na procura de causar unha alarma social que desvíe a atención da cidadanía dos problemas reais da sociedade.*

*3. Esta moción responde unicamente a unha **estratexia evidente do Partido Popular para desviar a atención tanto dos casos de corrupción en que está inmerso como dos problemas reais que ten o país.***

*4. Coa presentación desta moción neste e no resto de concellos do país, o **Partido Popular busca igualmente criminalizar a protesta social e intimidar a cidadanía máis consciente, crítica e activa,** ao tempo que quere darlle amparo a unha cada vez máis forte represión contra as protestas cidadáns que, lexítimamente, están a responder desde a rúa ás súas políticas de empobrecemento social.*

*5. **A violencia que si existe na Galiza é, xustamente, a das políticas da UE e do Partido Popular.** Esas políticas son as que están a causar un grave incremento da pobreza e da exclusión social, un grave proceso de desertización da nosa economía e da nosa base produtiva e unha clara fractura social a partir do crecemento evidente das desigualdades.*

*Por todo isto, **manifestamos que votaremos en contra desta moción e que non seremos cómplices da estratexia de criminalización ideolóxica que o PP quere poñer en marcha,** ao tempo que insistimos, máis unha vez, en que acreditamos nas solucións políticas e nas vías pacíficas como único medio lexítimo de intervención para conseguir unha sociedade máis xusta e máis libre.”*

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a moción presentada polo grupo político do Partido Popular, coas tres propostas de acordo que contén.

Pronunciándose a favor desta moción, e de adoptar os tres acordos que contén, os seis concelleiros do Partido Popular, e en contra, os seis concelleiros do Bloque Nacionalista Galego; absténdose a concelleira do PSdeG-PSOE.

Polo que, ao producirse un empate na votación realizada, e tras manifestar os trece membros da Corporación Municipal que manteñan a súa postura nunha nova votación, resolveuse este asunto co voto de calidade do alcalde (do BNG), no sentido manifestado na votación anterior; polo que esta moción, nos termos en que foi presentada, quedou rexeitada.

Punto 9º) MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO BNG PARA ESIXIR Á XUNTA DE GALICIA UNHA PARTIDA ECONÓMICA, NOS ORZAMENTOS DE 2014, PARA ATENDER O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR EN TODOS OS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES (PRESENTADA NO REXISTRO XERAL DO CONCELLO O DÍA 14 DE OUTUBRO DE 2013, SENDO REXISTRADA DE ENTRADA AO NÚMERO 2.397).

Coñecido que o contido de dita moción é o seguinte:

“Nos últimos anos, a grave crise que estamos padecendo, provocou un incremento de persoas que demandan e necesitan recorrer aos servizos sociais públicos, para cubrir boa parte das súas necesidades máis básicas e fundamentais.

Paralelamente, mentres estes casos ían en aumento, os gobernos do PP, tanto na Xunta de Galicia como no Estado, amparándose nesta crise e na súa propia filosofía política, veñen aplicando un brutal recorte orzamentario no financiamento dos servizos sociais (Lei de Dependencia, Servizo de Axuda no Fogar, Centros de Día, Escolas Infantís..), que está efectando a miles de familias galegas.

Un exemplo claro e grave desta política, témolo no Decreto 99/2012 de 16 de marzo, aprobado polo Consello da Xunta o ano pasado, que establece un novo modelo de financiamento para os servizos de benestar en Galiza e determina importantes modificacións co anterior modelo, o que está a supor na práctica, un trato claramente discriminatorio para os concellos con menor poboación, á par que avanza na privatización e o copago destes.

Así, o artigo 47 deste Decreto determina que fican excluídos de axudas públicas por parte da Xunta de Galiza o Servizo de Axuda no Fogar nos concellos de menos de 20.000 habitantes, o persoal adscrito aos equipamentos sociais de titularidade municipal (centros de día ou escolas infantís...) nas citadas entidades e as unidades de traballo social (persoal dos servizos sociais, agás os traballadores e as traballadoras sociais) nos concellos de menos de 20.000 habitantes.

Esta decisión política do goberno da Xunta de Galicia significa que 293 concellos foron excluídos da axuda do goberno galego para o servizo de axuda no fogar, o que provoca que arredor de 100.000 galegos e galegas vexan minorado o servizo que se lles viña prestando, favorecendo con iso a perda de emprego para boa parte das persoas que viñan traballando na prestación deste servizo público, básico e fundamental no medio rural.

A prestación deste servizo básico no medio rural, estase facendo neste momento con recursos moi reducidos, mentres a Xunta de Galicia se desentende deste grave problema e das persoas que o padecen.

A situación é cada vez máis grave e o Goberno da Xunta de Galicia non pode seguir eludindo as súas responsabilidades, e moito menos descargándoas noutras institucións, á hora de dotar os concellos rurais dos recursos económicos e humanos necesarios para facer fronte a este grave problema social e asegurar a prestación acaída do servizo de axuda no fogar aos miles de familias galegas que o necesitan e o están demandando a diario.

Por iso, solicitamos do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

a) Exixir do goberno da Xunta de Galicia a incorporación dunha partida orzamentaria nos orzamentos para o ano 2014, similar en contía á recollida nos orzamentos da Xunta do ano 2010, para asegurar a prestación do Servizo de Axuda no Fogar e o resto dos servizos sociais básicos en todos os concellos de menos de 20.000 habitantes.

b) Dar traslado deste acordo ao presidente da Xunta e aos voceiros de todos os grupos políticos do Parlamento galego.”

Coñecido tamén o ditame emitido pola Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 25 de outubro de 2013, no seguinte sentido:

“Explica a Sra. Varela Duro (do BNG):

-Que houbo unha redución drástica nas asignacións para axuda no fogar, sobre todo en concellos de menos de 20.000 habitantes.

- Que non só afecta esa redución a nivel económico para adicar esa partida para axuda a domicilio, senón tamén para as persoas que traballan na axuda a domicilio que quedan tocadas por esta redución, e tamén afecta á Lei de Dependencia, Centros de día, etc...

- Que esta redución afecta a douscentos e pico concellos de toda Galicia, e os máis afectados son os considerados rurais.

- Que coa moción propoñemos esixir do goberno da Xunta de Galicia a incorporación dunha partida nos orzamentos para o ano 2014, similar en contía á recollida nos orzamentos da Xunta do ano 2010, para asegurar a prestación do Servizo de Axuda no Fogar, e dar traslado deste acordo ao presidente da Xunta e aos voceiros de todos os grupos políticos do Parlamento.

Tras o exposto, adoptouse –por unanimidade dos sete membros asistentes (3 do BNG, 3 do PP e 1 do PSdeG-PSOE)- o acordo de que se inclúa esta moción na orde do día da vindeira sesión plenaria, para que sexa debatida e votada no acto da sesión.”

Pola voceira do grupo político do BNG, Sra. Varela Duro, realizáronse as seguintes explicacións:

- Que mediante a aprobación desta moción trátase de esixir á Xunta de Galicia que aumente a partida de axuda no fogar no orzamento de 2014, posto que os concellos de menos de 20.000 habitantes van estar afectados pola drástica e brutal redución das axudas para atender o servizo de axuda no fogar, o cal vai afectar non só ao que é a axuda no fogar senón tamén á perda de postos de traballo.

- Que, destas reducións, quen vai saír perxudicado serán os Concellos situados no medio rural, por su dispersión e por a súa poboación envellecida.

- Que no só sae desfavorecido o concello de Arzúa, en caso de que apliquen este tipo de redución, senón tamén están implicados outros 293 concellos; así que xa se pode imaxinar a cantidade de xente que quedará por ahí abandonada.

- Que consideramos que hai que pedir un incremento na consignación da partida orzamentaria do ano que vén, para dar un servizo de calidade ás persoas, e tamén propoñemos dar traslado desta moción ao Presidente da Xunta e aos voceiros de todos os partidos políticos representados no Parlamento.

Deseguido emitíronse as seguintes opinións:

*Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) por expresar:

- Que está de acordo coa voceira do BNG e que quen máis se perxudica é o medio rural, tamén sucede que en Galicia hai cada vez máis poboación envellecida, o que supón que haxa máis persoas dependentes que van quedar prexudicadas.

- Que outras grandes prexudicadas van ser as mulleres, porque está subindo o paro nas mulleres de máis de 40 anos, e esas mulleres son as que se adican a coidar aos familiares dependentes, sen ningún tipo de beneficio, salvo o cariño.

*Da Sra. Castro Pampín (do PP) para ler a emenda que o grupo político do Partido Popular propón introducir no texto desta moción; sendo o seu contido o seguinte:

“-Instar á Xunta de Galicia a que continúe financiando o servizo de axuda no fogar para persoas con dependencia e os traballadores de referencia na área social de todos os concellos de Galicia. Así como, garantirá naqueles concellos que superen os 20.000 habitantes, ou aqueles que coordinando servizos e presentando a solicitude sumen máis de 20.000 habitantes, o financiamento do servizo de axuda no fogar básico.

-Instar á Deputación de A Coruña a que cumpra co establecido na Lei 5/2997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, na Lei 13/ 2008 de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia e no Decreto 99/2012 de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, prestando apoio técnico, económico e xurídico aos concellos para que desenvolvan as competencias que lle son propias en materia de servizos sociais comunitarios. Así mesmo, deberá

manterse a necesaria colaboración e coordinación entre Xunta e Deputación, asegurando a Deputación de A Coruña o financiamento do servizo de axuda no fogar básico e do persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios básicos con perfís profesionais diferentes e complementarios ao do traballador social de referencia para as corporacións locais dos concellos de menos de 20.000 habitantes.

ARGUMENTARIO

O Decreto 99/2012 (ao que se refire a moción do BNG) define claramente –no que a atención social se refire- a competencia de cada administración, e articula fórmulas de colaboración, cooperación e corresponsabilidade de todas as administracións ao exercer as competencias propias.

Cómpre recordar que existen dúas modalidades de servizo de axuda no fogar (SAF): para dependentes –que é a maioría e que, polo tanto, supón un maior investimento- e a básica. Con este decreto, a Xunta seguirá subvencionando a axuda no fogar para dependentes de todos os concellos, teñan o número de habitantes que teñan.

É dicir, o financiamento farase por dúas vías distintas:

- Por un lado, o SAF dependencia (que é a maior parte do servizo de axuda no fogar –da que tamén hai prestación básica-), que se liquidará de xeito trimestral, cando anteriormente era anual.

- Por outro lado, os servizos sociais básicos, que antes estaban englobados no denominado Plan Concertado. Son fundamentalmente o persoal de servizos sociais e o Servizo de axuda no fogar de prestación básica.

No propio decreto figura que a Xunta financiará o SAF dependencia e os traballadores sociais (os “profesionais de referencia”) de absolutamente todos os concellos de Galicia.

A maiores, a aqueles concellos de máis de 20.000 habitantes –ou aqueles que se unan para superar este límite de poboación- a Xunta financiaralles o servizo de axuda no fogar básico (isto é, para non dependentes) e o resto de persoal de servizos sociais (isto é, aquel persoal que non sexa traballador social, que xa van incluídos no punto anterior). Os concellos que queiran optar a esta vía tamén poderán unirse para superar este límites de poboación e accederán nas mesmas condicións a este financiamento, o que potencia a unión de recursos para optimizar os servizos.

O único cambio que se establece neste decreto é o que se realiza para desenvolver a Lei de Administración Local e a Lei de Servizos Sociais, que establecen que as deputacións deben colaborar economicamente e prestar asistencia técnica aos concellos especialmente aos de menos de 20.000 habitantes. Neste sentido, no decreto establécese que as deputacións apoiarán principalmente o financiamento do SAF básico e do resto de persoal –isto é, aqueles que non sexan traballadores sociais, que xa financia a Xunta- dos concellos de menos de 20.000 habitantes.

En absoluto se deixa estes servizos ao financiamento propio dos mesmos concellos, senón que se establece claramente que é a deputación quen debe colaborar no seu financiamento, tal e como ademais establece a Lei.

É preciso recordar que o obxecto do decreto de servizos sociais, que dá cumprimento á normativa que establecía a Lei de Administración Local, e a Lei de Servizos Sociais e, que ata agora, non se atopaba desenvolvida, é axilizar e optimizar o financiamento dos servizos sociais comunitarios.

Establécese, ademais, unha coordinación efectiva entre administracións, optimizando a cooperación e afondando na corresponsabilidade na presentación de servizos básicos para a cidadanía.

Gustaríame recordar que a Xunta faise cargo, a través doutra vía independente do convenio, do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes (que vai pola Lei de Dependencia). Para este servizo, a Xunta destina:

- *Na Coruña, 14,2 millóns.*
- *En Lugo, 8,7 millóns.*
- *En Ourense, 6,2 millóns.*
- *En Pontevedra, 8,5 millóns.*

Isto é, máis de 37 millóns para o SAF dependencia en toda Galicia. En SAF Dependencia no ano 2012 adicáronse 30 millóns e no ano 2013 incrementouse a máis de 37 millóns.”

**Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expoñer que cre que quedou claro o argumentario, as competencias están distribuídas; se se ten en conta a emenda votaremos a favor, senón teremos que votar en contra.*

**Do Sr. alcalde para expresar:*

- Que non vai aceptar a emenda, porque lle parece que é intentar xustificar o que nos parece inxustificable.

- Que na emenda fálase de continuidade, de que se continúe concedendo subvencións a este tipo de servizos, pero vistos os recortes que estamos sufrindo –sobre todo nos servizos sociais e mais no servizo de axuda no fogar- non podemos aceptar a emenda.

- Que o feito de que haxa profesionais que teñan que andar moitos quilómetros para atender á xente, porque se xuntasen varios concellos para chegar a sumar os 20.000 habitantes, vai ir en prexuízo da calidade do servizo.

- Que a xente non é consciente do que nos espera se se aproba a Lei de reforma da Administración Local; por exemplo, o servizo de axuda familiar e as actividades deportivas ou culturais deixan de ser servizos prestados polos concellos e asumiraos a Deputación Provincial; o cal vai ser prexudicial, porque moitas veces non se vai ir A Coruña a presentar os papeis.

- Que o que se busca é que a xente non solicite este tipo de servizos.

- Que debido aos recortes que está sufrindo este concello, tivemos que asumir o pago dunha traballadora social, que ven a prestar os servizos uns días á semana, se se quería seguir contando cos seus servizos; e tamén deixouse de percibir a subvención

pola persona que se encarga da parte administrativa dos servizos sociais, e tivoa que asumir o Concello en gran parte.

- Que estamos vendo que se pide cooperación entre organismos, e o que está sucediendo é que se nos está pasando moitas das responsabilidades que tiña que asumir a Xunta de Galicia, como o servizo de extención de incendios, o Conservatorio de música, ou o servizo de axuda familiar.

- Que por todo o exposto non podemos asumir a emenda do grupo político do Partido Popular.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a moción presentada polo BNG e as dúas propostas de acordo que contén a moción.

Adoptándose –por sete votos a favor (6 do BNG e 1 de PSdeG-PSOE), coa abstención dos seis concelleiros do Partido Popular- os seguintes acordos:

Primeiro.- Esixir do Goberno da Xunta de Galicia a incorporación dunha partida orzamentaria nos orzamentos para o ano 2014, similar en contía á recollida nos orzamentos da Xunta do ano 2010, para asegurar a prestación do Servizo de Axuda no Fogar e o resto dos servizos sociais básicos, en todos os concellos de menos de 20.000 habitantes.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ao presidente da Xunta e aos voceiros de todos os grupos políticos do Parlamento Galego.

Punto 10º) MOCION DO GRUPO POLÍTICO DO BNG, PARA ELIMINAR O COPAGAMENTO DE MEDICAMENTOS A PERSOAS DOENTES CRÓNICAS NON HOSPITALIZADAS NA SANIDADE PÚBLICA (PRESENTADA NO REXISTRO XERAL DO CONCELLO O DÍA 14 DE OUTUBRO DE 2013, SENDO REXISTRADA DE ENTRADA AO NÚMERO 2.398)

Pola voceira do BNG, Sra. Varela Duro, dáse lectura de dita moción, cuxo texto é o seguinte:

“O pasado mes de setembro o goberno do Estado estableceu unha modificación nas condicións de financiamento de medicamentos incluídos na prestación farmacéutica do sistema estatal de Saúde para que as persoas doentes crónicas non hospitalizadas teñan que achegar unha cantidade para sufragar o gasto das medicinas.

Con esta resolución, o goberno do Estado fixa un novo copagamento para os medicamentos e supón un novo imposto á enfermidade. Desde o 1 de outubro, 42 medicamentos de dispensación hospitalaria a persoas doentes crónicas con doenzas graves, deixarán de ser dispensados sen custo, polo que haberá que pagar o 10% desde até o límite de 4,20 euros, agás aquelas que estiveren exentas.

Son fármacos para o tratamento de enfermidades graves: cancro, tumores, leucemia, hepatitis C, artrite reumatoide, dexeneración muscular...

Estamos a falar de persoas pacientes na maioría dos casos polimedicadas para as cales este novo repago, este novo imposto á enfermidade, supón unha carga moi importante na súa economía, persoas que xa non son quen de chegar a fin de mes e outras que xa nin comezan o mes. Esta medida vai significar o sacrificio e sufrimento para moitas persoas. É indigna, inhumana, inxusta, e retrata un goberno que actúa contra a xente a prol das grandes fortunas e do poder económico. Velaquí un novo roubo que forma parte dunha estratexia deseñada para facer caixa a costa das persoas máis desfavorecidas, das persoas que adquiriron preferentes e subordinadas, das emigrantes retornadas, pensionistas, funcionarias, de clase traballadora, para seguir engordando a banca e o poder.

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción deo seguinte acordo:

1.- Instar á Xunta de Galicia a que demande a derogación da resolución do 10 de setembro de 2013, do Goberno do Estado, pola que se establece un novo copagamento para medicamentos que se dispensan a través das farmacias hospitalarias a persoas doentes crónicas non hospitalizadas.

2.- Instar á Xunta de Galicia a que non aplique esta resolución no noso país.

3.- Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galicia e ao presidente do Goberno do Estado.”

Coñecido o ditame emitido pola Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 25 de outubro de 2013, no seguinte sentido:

“Explica a Sra. Varela Duro (do BNG):

- Que, tal como están as cousas neste momento, o copago supón un gravame máis para as familias, por iso nós propoñemos instar a Xunta para que elimine este copago sobre os medicamentos.

- Que este asunto comprende todo o mundo e non é necesario entrar no meollo da historia.

Indica a Sra. Conde Balado (do PSdeG-PSOE) que esta totalmente de acordo con esta moción, e constalle que os oncólogos tamén están en contra desta medida.

Indica o Sr. Orois Valiño (do PP) que a moción esta moi ben exposta, pero tomaronse medidas que se explicaron mal á cidadanía, polo que unha vez que se informen ben pronunciaranse no Pleno.

Tras o exposto, adoptouse –por unanimidade dos sete membros asistentes (3 do BNG, 3 do PP e 1 do PSdeG-PSOE)- o acordo de que se inclúa esta moción na orde do día da vindeira sesión plenaria, para que sexa debatida e votada no acto da sesión.”

Seguidamente pola Sra. Varela Duro realizase a seguinte explicación desta moción:

-Que se trata doutro gravame máis que nos toca vivir, e sobre todo a persoas con problemas de saúde moi graves; moita xente non vai a poder afrontar o pagamento destas medicinas e vai ser a morte.

- Que se non queremos ter á xente abandoada imos ter que poñerlle remedio; son 42 medicamentos para persoas que teñen doenzas graves, e máis diñeiro a pagar se a iso sumamos outro tipo de cousas.

- Que hai que intentar que non vaia para adiante o copago dos medicamentos, polo ben de todos.

Deseguido emitíronse as seguintes opinións:

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE):

- Que é moi triste o que esta pasando co tema do copago aquí en Galicia, aparte de que esta é a Comunidade Autónoma onde máis baixos son os salarios e as pensións; e por encima agora hai que facerse cargo de pagar os medicamentos.

- Que as asociacións de todo tipo –como vemos na prensa- están protestando por isto; o copago dos medicamentos pódese considerar un atentado terrorista á saúde pública da xente.

* Do Sr. Orois Valiño (do PP):

- Que se paga o 20% do custo do medicamento e o tope máixmo son 4,20 euros.

- Que estamos falando de medicamentos dispensados nas farmacias dos hospitales para enfermos crónicos, non enfermos hospitalarios.

- Que un enfermo crónico que non está hospitalizado, e que non compre os medicamentos na farmacia do hospital, paga; porén, se vai buscar a medicina á farmacia do hospital, non pagaría.

- Que calquera suba dun imposto non gusta, pero neste tema do copago hai uns topes, aquela persoa que segundo a súa declaración do imposto sobre a renda das persoas fiscais ten un tope no pago dos medicamentos, cando supere ese tope non vai pagar máis.

- Que hai medicamentos que valen 8.000 euros e por ese medicamento só se paga 4,20 euros, e iso contribúe a que outras persoas poidan coller ese medicamento; unha desas medicinas é o “antiviral incivo” que se está recetando.

- Que a ninguén lle gusta o copago, pero neste momento é unha necesidade, igual que sucedeu no concello que hai que pagar actividades que antes non se pagaban.

- Que, se queremos manter o estado de benestar, non hai outra maneira.

- Que nós defendemos a igualdade, e non lle parece ben que o enfermo que colle o medicamento na farmacia do hospital non pague, e o que o colle noutra farmacia sí pague; a farmacia do hospital dispensa os mesmos medicamentos que calquera farmacia de España.

*Da Sra. Varela Duro (do BNG):

- Que vai haber xente que non vai poder afrontar este gasto, e se vai deixar morrer lentamente.

- Que isto é unha política de recortes brutal, e é un esañamento coas clases menos favorecidas; a clase media está sendo eliminada, estamos no camiño de estar en situación de exclusión social, e que queden uns cantos ricos.

-Que unha cousa é atender as enfermidades e outra moi distinta o acudir a actividades deportivas, que se non podes pagalas non as fas.

*Da Sra. Balado Conde (do PSde G-PSOE) para manifestar que a educación e a sanidade teñen que ser intocables; porén ter que pagar por ir a actividades, como por exemplo piano, é outra cousa.

*Do Sr. Orois Valiño (do PP):

- Que as persoas que teñen pensións non contributivas non van pagar.
- Que todos temos que contribuír, e á xente que o necesite hai que axudala.

*Do Sr. Sánchez Varela (do BNG) para puntualizar con respecto ao copago:

- Que o Sr. Orois Valiño comentaba que o acceso dos cidadáns pode ser por igual a unha farmacia ordinaria ou hospitalaria, e iso é falso; non todos os medicamentos que son dispensados na farmacia dun hospital poden dispensarse en farmacias ordinarias, porque hai medicamentos que precisan ser manipulados por un especialista.

- Que a taxa do copago dos medicamentos dos pensionistas non é un tipo fixo, porque cada ano revalorízase co IPC.

- Que os tratamentos para o cancro ou a sida son supercaros, a veces un destes tratamentos pode costar miles de euros.

- Que esta nova taxa avoca máis ao empobrecemento, os ingresos das persoas maiores -que foron cotizantes do réxime agrario- están entre 300 ou 400 euros e a moitos, como utilizan esa pensión para pagar un centro, non lles queda ingreso ningún; hai xente que non pode pagar, e ten que prescindir do tratamento se a familia non lles pode axudar.

* Da Sra. Varela Duro (do BNG) para facer unha reflexión: se xa no copago dos comedores nos colexios, hai pais que non poden pagar a comida dos nenos ¿que vai pasar cos recortes en sanidade?

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a moción presentada polo BNG e as tres propostas de acordo que contén a moción.

Adoptándose –por sete votos a favor (6 do BNG e 1 de PSdeG-PSOE), e seis en contra (dos concelleiros do PP)- os seguintes acordos:

Primeiro.- Instar á Xunta de Galicia a que demande a derogación da resolución do 10 de setembro de 2013, do Goberno do Estado, pola que se establece un novo copagamento para medicamentos que se dispensan a través das farmacias hospitalarias a persoas doentes crónicas non hospitalizadas.

Segundo.- Instar á Xunta de Galicia a que non aplique esta resolución no noso país

Terceiro.- Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galicia e ao presidente do Goberno do Estado.

Punto 10º) MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO DO BNG, EN APOIO ÁS PERSOAS QUE RECIBEN PENSIONES DE ESTADOS EXTRANXEIROS

(PRESENTADA NO REXISTRO XERAL DO CONCELLO O DÍA 14 DE ABRIL DE 2013, SENDO REXISTRADA DE ENTRADA AO NÚMERO 2.399)

Pola voceira do grupo político do BNG, Sra. Varela Duro, douse lectura de dita moción, cuxo texto é o seguinte:

“Galicia padeceu, e continúa padecendo, unha emigración brutal. Miles de galegos e galegas emigraron desde comezos do século XIX a moitos países para procurar un medio de vida. Hoxe, persoas mozas cunha alta cualificación, tamén se ven obrigadas a facer o mesmo que fixeron os seus avós e avoas para poderen ter un traballo.

Moitas das persoas emigrantes, xa de retorno en Galicia e en idade de xubilación, son beneficiarias de pensións que perciben de estados estranxeiros. Nos últimos meses este colectivo comezou a recibir requirimentos da Axencia Tributaria para que declaren as cantidades percibidas durante o ano 2008 en concepto de pensións no estranxeiro, coa finalidade de proceder á regulación ou no seu caso formulación da declaración sobre o imposto das persoas físicas correspondente ao exercicio de 2008.

Estes requirimentos, que tamén indican a obriga a realizar esta actualización en relación cos exercicios de 2009, 2010 e 2011, estanse producindo nos últimos días de forma masiva en toda Galicia, afectando a milleiros de persoas pensionistas retornadas, e de forma moi intensa, tamén a veciños e veciñas do noso concello.

Hai que constatar que estas persoas nunca recibiron ningún tipo de información en relación coa súa obriga de declararen as contías das pensións percibidas no estranxeiro. Existía un total descoñecemento da obriga de facer esa declaración anual do IRPF, o que confirma a falta de intencionalidade ou de defraudar por parte destas, e que se apoia co feito de que os estados pagadores nunca lles expediren ningunha certificación en relación coas cantidades percibidas.

Con estes antecedentes resulta sorprendente que, cinco anos máis tarde, reciban este tipo de requirimentos por parte da Axencia Tributaria, oa advertencia dunha posible sanción por non teren cumprido con obrigas tributarias que descoñecían. E cando os evasores fiscais se benefician de amnistías, constitúe unha auténtica inmoralidade a simple ameaza dunha sanción a estas persoas, traballadores e traballadoras emigrantes retornadas.

Desde o mes de febreiro veñen mantendo reunións coa Axencia Tributaria sen que se obtivesen resultados concretos, agás a posibilidade de ampliación de prazos para o pago das declaracións complementarias.

Por outro lado, até hai poucos días os expedientes sancionadores referíanse ao exercicio de 2008 e permitían a presentación en período voluntario das declaracións dos anos 2009, 2010, 2011 e 2012. Porén temos coñecemento de que recentemente hai persoas que recibiron expedientes que inclúen todos os exercicios, un feito que complica de forma moi relevante a súa situación.

A única saída a esta situación é que o Goberno do Estado anule todos os expedientes sancionadores e que se inicie unha campaña para informar adecuadamente as persoas pensionistas afectadas das súas obrigas tributarias futuras, obviando os exercicios do período 2008-2012. Esta medida é a única razoable e xusta tendo en conta a inexistencia de información e a ausencia de responsabilidade e por tanto de vontade de fraude por parte destas persoas.

E sen prexuízo das medidas urxentes para evitarlles esta penosa situación, é preciso que, por parte do Goberno do Estado para evitar novas situacións, se revisen os convenios marco con outros países, como por exemplo o establecido con Alemaña no ano 2012.

Por iso, o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal, a adopción do seguinte acordo:

1.- Manifestar o apoio deste concello aos veciños e ás veciñas beneficiarias de pensións percibidas no estranxeiro, afectadas pola reclamación da Axencia Estatal Tributaria.

2.- Instar á Xunta de Galicia a

a). Establecer mecanismos para colaborar con este concello na prestación de asesoramento a todas as persoas afectadas que o precisen.

b). Demandar do Goberno do Estado a adopción urxente das seguintes medidas:

- A anulación de todos os expedientes sancionadores instruídos pola Axencia Estatal Tributaria e que se lles notificaron nos últimos meses a persoas beneficiarias galegas de pensións no estranxeiro por non tributareen por estas cantidades nos exercicios a partir do ano 2008, tendo en conta o absoluto descoñecemento que tiñan desta obriga tributaria.

- O inicio dunha campaña de información a todas as persoas afectadas das súas obrigas tributarias futuras, anulando os requirimentos relativos aos exercicios comprendidos entre os anos 2008 e 2012.

- A revisión dos convenios marco con outros países para evitar que situacións deste tipo poidan volver a producirse no futuro.

3.- Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galicia, presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia e Congreso de Deputados”

Coñecido o ditame emitido pola Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 25 de outubro de 2013, no seguinte sentido:

“Explica a Sra. Varela Duro (do BNG):

- Que isto é unha carga para os emigrantes que viñeron do estranxeiro, porque a Axencia Tributaria reclámalles que fagan a declaración da renda desde 2008.

- Que o equipo de goberno tivo unha reunión con esta xente, a que asistiu unha diputada do BNG, Tereixa Paz e un afectado, e nesa reunión explicouselles as persoas afectadas este tema, e incluso a algunha destas persoas afectadas (que buscaron a asistencia dun avogado cando viñeron para España) o avogado dixéralle que non tiñan que declarar.

- Que non só lles chegou unha petición de que tiñan que facer a declaración desde o ano 2008, senón que tamén poden ser sancionados por non facela.

Pregunta a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) ¿En que punto se encontra agora este tema?

Indica a Sra. Varela Duro:

- Que están intentando facer plataformas, como fixeron os afectados polas participacións preferentes para facer forza e poñerse en contra desta medida.

- Que había persoas que pagaron sobre 6.000 euros na declaración da renda, e aparte disto está o que lle pode vir de sanción desde o ano 2008.

Indica do Sr. Orois Valiño (do PP):

- Que o tema das sancións habería que evitalas, pero as persoas que teñen unhas pensións elevadas complementadas con pensións do extranxeiro teñen a obriga de tributar.

- Que o segundo punto da moción de demandar do Goberno do Estado para a adopción de medidas de anulación de todos os expedientes sancionadores, parécelle ben, pero tamén ve ben que esta xente teña que tributar en España, polo que cobra do extranxeiro.

Indica a Sra. Varela Duro (do BNG) que os pensionistas deses países extranxeiros non estaban ben informados, e se tampouco hai unha aportación deses países, é que non era necesario.

Manifesta o Sr. Orois Valiño (PP) que o grupo político do PP van apoiar a anulación das sancións, porque cren que son inxustas, pero vaise abster no tema do retrotraemento do que hai que pagar polo concepto do imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

Tras o exposto, adoptouse –por unanimidade dos sete membros asistentes (3 do BNG, 3 do PP e 1 do PSdeG-PSOE)- o acordo de que se inclúa esta moción na orde do día da vindeira sesión plenaria, para que sexa debatida e votada no acto da sesión.”

Pola Sra. Varela Duro (do BNG) realizouse a seguinte explicación desta moción:

- Que esta xente retornada non tiña no seu ánimo defraudar a Facenda; na reunión que tivemos con eles coñecemos que moitos consultaran a avogados para saber se tiñan que declarar, e todos dixeron que os avogados lles informaron que non tiñan que facelo.

- Que teñen unha situación complicada, porque se lles dá un prazo moi pequeno de dez días para responder pola débedas atrasadas desde o ano 2008, e ademais se lles sanciona.

- Que consideramos que terán que declarar, como calquera contribuínte, pero polo menos que non se lles sancione.

- Que os países, nos cales traballaron, en ningún momento tiveron coñecemento de que tiveran que mandar aquí as notificacións das pensións.

Deseguido emitíronse as seguintes opinións:

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE):

- Que lle parece un abuso e un medio de recadación un tanto obscuro, despois dos anos que levan recibindo a pensión dos países en que traballaron.

- Que algunhas destas persoas estiveron indo a Facenda e consultando esa problemática e en ningún momento se lles dixo nada ata agora.

- Que non está de acordo con que teñan que pagar, e menos que teñan que pagar as sancións.

* Do Sr. Orois Valiño (do PP):

- Que houbo unha emenda aprobada por todas as forzas políticas no Parlamento de Galicia, e máis ou menos vén a recoller o que dixo a voceira do grupo político do BNG:

• Que estas persoas poden regular a súa situación por razón das pensións percibidas do extranxeiro, sen ser considerados como defraudadores fiscais; eles non sabían nada e obraron de boa fe, por tanto solidarizámonos con eles ao cen por cen.

• Que hai que informarlles das súas obrigas fiscais e arbitrar períodos de pago máis longos que os estipulados, para evitar un quebranto nas unidades familiares, para o caso de que teñan que afrontar pagos por razón das súas declaracións complementarias.

• Que hai que eximir do pago de sancións a aqueles pensionistas que regularicen a súa situación fiscal, porque se actuaron de boa fe non son merecedores de sanción.

• Que hai que revisar os convenios marco con outros países, para evitar que situacións deste tipo poidan volver a producirse.

• Que hai que ter en conta os criterios anteriores para estimar os recursos que presenten contra as sancións xa comunicadas.

É dicir que o que se pretende, por todos os grupos con representación na Xunta de Galicia, é que non se sancione a esta xente; e ao que teña que pagar se lle dea uns prazos longos, para que non lle suponga un sacrificio.

- Que, en consecuencia, a postura que debería manterse é a de axudar a todos estes pensionistas, informarlles ben e non atosígalos dándolles as maoires facilidades posibles.

* Do Sr. alcalde, que quere facer unha reflexión: por un lado, estase perseguindo a persoas que estiveron traballando toda a súa vida, que non estaban informados de que tiñan que facer a declaración, os cales poñenselles esas multas e, por outro lado, hai xente que evadiu grandes cantidades de capital a outros países, aos que lles dá a portunidade de traer ese capital, sen ter que pagar un só euro; non sabe que clase de terrorismo e ese.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a moción presentada polo BNG e as tres propostas de acordo que contén a moción.

Adoptándose –por unanimidade dos trece membros asistentes- os seguintes acordos:

Primeiro.-Manifestar o apoio deste concello aos veciños e ás veciñas beneficiarias de pensións percibidas no estranxeiro afectadas pola reclamación da Axencia Estatal Tributaria.

Segundo.- Demandar do Goberno do Estado a adopción urxente das seguintes medidas:

- A anulación de todos os expedientes sancionadores instruídos pola Axencia Estatal Tributaria e que se lles notificaron nos últimos meses a persoas beneficiarias galegas de pensións no estranxeiro por non tributaren por estas cantidades nos exercicios a partir do ano 2008, tendo en conta o absoluto descoñecemento que tiñan desta obriga tributaria.

- O inicio dunha campaña de información a todas as persoas afectadas das súas obrigas tributarias futuras, anulando os requirimentos relativos aos exercicios comprendidos entre os anos 2008 e 2012.

- A revisión dos convenios marco con outros países para evitar que situacións deste tipo poidan volver a producirse no futuro.

Terceiro.- Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galicia, presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia e Congreso de Deputados

B) CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN MUNICIPAL

Punto 1º) TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLO SR. ALCALDE, DURANTE O MES DE MAIO E XUÑO DE 2013.

En cumprimento da previsión contida no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, douse conta das resolucións ditadas polo alcalde desde o día 4 de maio de 2013 –en que foi ditada a resolución máis inmediata a última de 30 de abril de 2013 (*da cal se dou conta na anterior sesión plenaria*)- ata a ditada o día 27 de xuño de 2013.

Estando referida a primeira resolución (*reflectida no folio 7.213 e volto e 7214*) á estimación da reclamación de responsabilidade patrimonial presentada o día 2 de abril de 2013, por LINEA DIRECTA ASEGURADORA, contra este Concello, por razón dos danos causados o día 9 de xaneiro de 2013 por un contenedor que se soltou cando estaba alzado aos soportes do camiión de recollida de lixo, golpeando no seu desprazamento ao vehículo marca volkswagen, modelo Passat, matrícula 5233GST, que se atopaba estacionado na rúa da Fonte; fixando a cuantía da indemnización que debe satisfacer este Concello en 102,13 euros; mentres que a última resolución (*reflectida no folio 7.302 volto e 7.303*) refírese á aprobación da lista provisional de aspirantes admitidos no concurso convocado para poder contratar a un Diplomado en Turismo, para realizar os traballos de encargado da Oficina Municipal de Información Turística.

Tendo en conta:

-Que o citado artigo 42 constitúe unha manifestación do dereito de información dos concelleiros, e

-Que todas as resolucións indicadas (decretos) estiveron a disposición dos concelleiros, desde a convocatoria desta sesión plenaria.

Adoptouse –por unanimidade dos trece membros asistentes- o acordo de quedar enterados.

Punto 2º) DAR CONTA DO MARCO ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO (2014-2016) NO QUE SE ENMARCARÁ A ELABORACIÓN DOS ORZAMENTOS, SEGUNDO O DISPOSTO NO ARTIGO 29 DA LEI ORGÁNICA 2/2012, DO 27 DE ABRIL, DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SOSTIBILIDADE FINANCEIRA; E O ARTIGO 6 DA ORDE HAP/2015/2012 POLA QUE SE DESENVOLVEN AS OBRIGAS DE SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN PREVISTOS NA LEI ORGÁNICA 2/2012.

Polo Sr. alcalde pídese á interventora municipal, presente nesta sesión, que informe á Corporación Municipal en que consiste a documentación da cal agora se dá conta.

Informando a interventora:

- Que o documento de cuxa aprobación se dá conta é o marco orzamentario para o período 2014-2016, elaborado en cumprimento do disposto no artigo 29 da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. Este artigo obriga ás administracións públicas á elaboración anual dun marco orzamentario para un período de tres anos, onde se conteñan os obxectivos anuais de estabilidade orzamentaria e débeda pública, así como as proxecións de ingresos e gastos tendo en conta por unha parte a evolución tendencial dos mesmos, e por outra parte, se é o caso, a evolución dos ingresos e gastos baseada en decisións políticas.

- Que o presente marco orzamentario foi elaborado tendo en conta unicamente a evolución tendencial dos dereitos recoñecidos de ingresos e obrigas recoñecidas de gastos.

- Que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas editou unha guía, para a remisión deste marco orzamentario a través da oficina virtual das entidades locais. Hai que dicir que este documento non é estático, e o Ministerio de Facenda –na guía que se fixo para a elaboración e remisión do plan- establece que no momento de elaborarse e aprobarse o orzamento anual, este poderase desviar das previsións do marco sempre e cando a dita desviación se motive e explique.

- Igualmente se informou que, ao non establecerse na normativa o órgano competente para a aprobación, esta correspondería ao alcalde da corporación, se ben sería conveniente dar conta ao pleno da referida aprobación.

Coñecido tamén o decreto do alcalde, de data 30 de setembro de 2013, polo cal se aprobaron os marcos orzamentarios a medio prazo, nos que se enmarcará a

elaboración dos orzamentos do concello de Arzúa para os exercicios 2014, 2015 e 2016.

Adoptouse –por unanimidade dos trece membros que integran esta Corporación Local- o acordo de quedar enterados.

*Punto 4º) **ROGOS E PREGUNTAS.-***

Polo Sr. Orois Valiño (do PP) formularonse as seguintes preguntas ao Sr. alcalde:

PRIMEIRA.- Sobre a petición do Xulgado de Instrucción nº 1 de Lugo, respecto á documentación relativa a AQUAGEST, S.A., quere que o alcalde lle informe se se remitiu tamén o acordo adoptado polo Pleno do concello na sesión do día 12 de xullo de 2013, ao resolver a moción que presentara o grupo político do Partido Popular sobre presuntos casos de corrupción para poñerlos en coñecemento da autoridade xudicial. E, se aínda non se remitiu, roga que se envíe.

Pide o Sr. alcalde ao secretario que informe se ese acordo figuraba entre a documentación que este concello remitiu ao Xulgado de Instrucción nº 1 de Lugo.

Manifestando o secretario que considera que se remitiu a documentación solicitada, en relación coa xestión das dúas piscinas municipais e en relación coa xestión do servizo de abastecemento de auga, pero que non se remitiu o acordo indicado, porque cando se adoptou ese acordo non se dixo que se remitise ao xulgado; pero que todavía se está a tempo de remitir unha certificación de dito acordo.

SEGUNDA.- Se o Sr. alcalde pode informar das melloras que AQUAGEST, S.A. se comprometera a realizar a través da súa proposta, como consecuencia do contrato subscrito no ano 2009 para a xestión das piscinas municipais.

Responde o Sr. alcalde:

- Que é unha cuestión que estamos mirando, e que non se vai poñer a revisar todos os contratos que se fixeron en anos anteriores para comprobar se se fixeron as melloras ou non.

- Que se reclamaou a empresa AQUAGEST, S.A. que nos pasase unha relación das melloras que realizaron, para compararlo co que estaba incluído na súa proposta para ver se se fixeron ou non; e estamos niso.

E non habendo máis asuntos de que tratar, de orde do Sr. presidente dáse por rematado o acto, levantándose a sesión ás 22.50 horas do indicado día, estendéndose a presente acta, que será sometida á consideración dos membros desta Corporación Municipal asistentes á próxima sesión. Do que dou fe.

